A raíz do illamento de tuberculose en 2016, os servizos veterinarios oficiais confirmaron que existía unha recirculación da infección anterior de tuberculose nas reses bovinas da Serra da Capelada, probablemente debida á existencia de animais infectados latentes ('falsos negativos ás probas de IDTB') e tras o oportuno estudo, procedeuse á inmovilización das 124 explotacións que se considerou que formaban parte da unidade epidemiolóxica afectada.

Durante o 2017 e 2018 realizáronse novas probas diagnósticas ás reses da unidade epidemiolóxica, a raíz das que se desinmobilizaron totalmente 90 explotacións, sen restricións de movementos. En función do establecido no programa nacional de erradicación de tuberculose, todas estas explotacións desinmobilizadas deberán realizar probas previas ao movemento a todas as reses que vendan a outras explotacións de reprodución de Galicia. Esta información foi trasladada a cada un dos titulares implicados para o seu coñecemento.

Finalmente, debe indicarse que Galicia é a comunidade autónoma da península con menor prevalenza de TB (porcentaxe de rabaños infectados de TB respecto ao total de revisados), acadando un valor do 0.02 % en 2017, en relación ao 2.32 % da media nacional e ao 12.34 % doutras CCAA do sur do país. A situación epidemiolóxica de Galicia, próxima á erradicación, foi acadada grazas á utilización de medidas firmes e globais nos focos de TB xurdidos. A prevalenza actual beneficia a todos e sitúa aos gandeiros desta rexión nunha posición privilexiada para a comercialización dos seus animais e produtos en España e no estranxeiro. De feito, o día 11.12.2018, o Comité permanente de vexetais, animais, alimentos e pensos da Comisión Europea, aprobou por unanimidade a declaración de Pontevedra como provincia oficialmente indemne de tuberculose bovina, e nas restantes provinciais están computándose xa os prazos para acadar a dita declaración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48617**  
Data envío: 03/04/2019 14:48:13.029

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:48:08**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/04/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 48611  
Data envío: 03/04/2019 14:47:17.660  
Data 03/04/2019 14:47

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33961** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a previsión pola Xunta de Galicia tendente a reducir a fenda salarial existente en Galicia entre homes e mulleres”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 25183 que tivo lugar na sesión plenaria do 27 de febreiro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-27?  
part=2de99891-7758-4ac3-a297-59ecb9ff8f15&start=12403](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-27?part=2de99891-7758-4ac3-a297-59ecb9ff8f15&start=12403)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Xacobeo 2021

páxina 1 de 1



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48611**  
Data envío: 03/04/2019 14:47:17.660

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:47:13**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34495** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Concepción Burgo López e dona María Luísa Pierres López, sobre **“as causas da falla de actividade da Unidade de Muller e Ciencia creada no ano 2007”**, (publicada no BOPG número 349 do 31 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita, por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta aprobou o II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020, que busca a igualdade real e efectiva entre mulleres e homes nos ámbitos social e laboral modificando valores, actitudes e estereotipos que sustentan a desigualdade nos ámbitos científico e tecnolóxico e potenciando a participación das mulleres en condicións de igualdade.

O II Programa Galego de Muller e Ciencia 2016-2020 colgouse na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade o mesmo día da súa aprobación, o 29 de decembro de 2016, e pode consultarse no seguinte enderezo: <http://igualdade.xunta.gal/gl/content/ii-programa-galego-de-muller-e-ciencia-2016-2020>

Ademais, en 2019 e por primeira vez nos Orzamentos da Xunta de Galicia, inclúese unha partida específica destinada á Unidade de Muller e Ciencia de 46.445 euros.

Por outra banda, ademais dos premios María Josefa Wonenburguer, a Secretaría Xeral da Igualdade vén desenvolvendo no marco do Plan Proxecta o programa ‘Donas de si’.

O programa ‘Donas de si’ ten como obxectivo principal a visibilización e posta en valor da participación e produción das mulleres como pezas fundamentais na configuración e no desenvolvemento da sociedade galega contemporánea, de xeito que se recoñeza o seu papel político, social, artístico, científico e cultural e se supere a visión tradicional que presenta as súas achegas como puramente anecdóticas ou secundarias. Para conseguilo propón realizar unha aproximación de conxunto, que teña en conta a variable de xénero, a figuras relevantes da nosa historia para construír e divulgar a memoria histórica feminina de Galicia.



De feito, unha das actividades incluídas no Programa 'Donas de si' é a exposición de fotografía dos Premios 'María Josefa Wonenburguer', que recoñece a mulleres que dedican a súa vida profesional a algún campo específico da ciencia ou da tecnoloxía”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48543**  
Data envío: 02/04/2019 16:06:02.446

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 16:05:59**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 34917** formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don José Luis Rivas Cruz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa cobertura da demanda existente de man de obra cualificada no sector agrogandeiro”**, (publicada no BOPG número 352 do 5 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural deu cumprida resposta a estas preguntas na pasada Comisión 7ª celebrada o 14 de marzo de 2019 ao dar contestación o director da Axencia Galega de Calidade Alimentaria, á pregunta nº. 46179.

A este respecto cabe destacar que o número de alumnos matriculados nos diferentes ciclos formativos ofertados polos centros que dependen da Consellería do Medio Rural no presente curso ascende a 344, no que atinxe á formación regrada, que abarca ciclos de grao medio e superior.

Así mesmo, no eido da formación continua, ao longo do ano 2018 impartíronse por parte das entidades propias da Agacal preto de duascientas accións formativas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48608**  
Data envío: 03/04/2019 14:46:52.631

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:46:48**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33822** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona **Paula Prado del Río** e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas e en que ámbitos se están a desenvolver desde o Goberno da Xunta de Galicia no ámbito da conciliación e corresponsabilidade”**, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita, por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia considera fundamental a posta en marcha e impulso de medidas que faciliten a conciliación da vida familiar, laboral e persoal, así como a corresponsabilidade, co obxectivo de avanzar nunha sociedade máis xusta e igualitaria.

Para facer fronte a este reto, o pasado ano aprobou o Plan de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021, pioneiro entre as administracións autonómicas e que inclúe axudas para fomentar a conciliación nas empresas, nas familias e nas administracións, entre outros aspectos.

Trátase dun Plan que abarca a todo o Goberno galego, e mesmo se estende máis aló do ámbito da Administración autonómica. Está composto por un cento de medidas concretas, entre as xa postas en marcha e outras novas.

Entre outras actuacións, destacan a ampliación dos permisos de maternidade para as empregadas públicas, que pasa de 22 a 24 semanas e que xa se incluíu nos orzamentos de 2019. Con esta medida, Galicia seguirá estando á cabeza de España na duración acumulada deste permiso.

Ademais, a Xunta tamén amplía este ano as axudas para a redución de xornada, destinadas a homes traballadores e familias monoparentais, co obxectivo de fomentar a conciliación e a corresponsabilidade. Neste ano, o seu orzamento aumenta nun 32,7 por cento, ata chegar aos



750.000 euros.

Outra medida salientable é ampliación do apoio á conciliación nos concellos. Trátase dunha liña de subvención dirixida a entidades locais para organizar actividades de conciliación que beneficien á veciñanza e que este ano dispón dun orzamento un 36,6 por cento maior que no pasado exercicio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48616**  
Data envío: 03/04/2019 14:48:03.229

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:47:59**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33827** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marián García Míguez, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia deste traballo conxunto con entidades públicas e privadas como medida de protección e asistencia contra a violencia machista”**, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita, por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Disposición Adicional Segunda da Lei 11/2007, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, establece que a Xunta de Galicia impulsará a formalización de acordos interinstitucionais de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencia no ámbito da violencia de xénero, que sirvan de canle de actuación e colaboración para conseguir, entre outros, no ámbito social, unha atención integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Durante o pasado ano 2018, a Xunta de Galicia e distintas entidades traballaron coordinadamente para loitar contra a violencia de xénero e apoiar ás vítimas dentro dos seus respectivos ámbitos competenciais.

Entre outros acordos, cómpre citar o convenio asinado co Colexio Oficial de Administradores de Fincas e de Galicia e coa Asociación española de auditores socio-laborais para a prevención do acoso sexual nas comunidades veciñais; así como o ratificado coa Unión Profesional de Galicia para previr o acoso, neste caso nos lugares de traballo.

Tamén se asinaron convenios coas entidades da Rede Galega contra a Trata para o desenvolvemento de accións de información, prevención e sensibilización de violencia de xénero entre mulleres inmigrantes; así como coas dúas Federacións de Mulleres Rurais de Galicia (FADEMUR E FEMURO) para levar a cabo medidas de sensibilización fronte á violencia de xénero e apoio ás súas vítimas no medio rural.

No ámbito deportivo, o ano pasado asináronse cadanseu acordo de colaboración coa



Federación Galega de Baloncesto e coa Federación Galega de Balonmán para seguir impulsando a igualdade e a loita contra a violencia de xénero no ámbito do deporte profesional en Galicia. Súmanse así á adhesión pioneira da Federación Galega de Fútbol a esta iniciativa en 2017.

Ademais, co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asináronse outros dos acordos: o primeiro, para a atención psicolóxica a mulleres que sufran violencia de xénero e para as e os menores, así como para outras persoas dependentes; e o segundo, dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella. Este ano 2019, e no marco do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero, asinouse un novo convenio de colaboración co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para poñer en marcha, de maneira pioneira en España, un servizo de garda psicolóxica especializada e permanente para as mulleres que sofren violencia de xénero e os seus fillos e fillas menores de idade.

Tamén no marco do Pacto de Estado Contra a Violencia de Xénero púxose en marcha este ano un Plan de acompañamento para menores orfos a través dun convenio que se asinou con representantes do Colexio Oficial de Xestores Administrativos de Galicia, do Colexio Oficial de Graduados Sociais, da Asociación Galega de Profesionais da Auditoría Sociolaboral de xénero e da Prevención do Acoso e da Violencia de Xénero nas organizacións (Agaxen), e do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia (Ceesg).

Por último, cómpre recordar que tamén está activo un acordo coa Federación de autónomos do taxi de Galicia (FEGATAXI), para a colaboración no traslado das mulleres vítimas da violencia de xénero aos centros de acollida”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48613**  
Data envío: 03/04/2019 14:47:39.000

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:47:35**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 33834** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Marian García Míguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance do Goberno galego das actuacións desenvolvidas pola Unidade de Policía Adscrita en materia de protección das vítimas de violencia de xénero”**, (publicada no BOPG número 344 do 1 de agosto de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“En setembro de 2016 a Unidade de Policía Adscrita comezou facer efectiva a coordinación de actuacións e a cooperación acordada no protocolo en materia de violencia de xénero asinado entre a Xunta de Galicia e o Ministerio de Interior en outubro de 2015.

A intervención da Unidade de Policía Adscrita inclúe a colaboración co Corpo Nacional de Policía nas chamadas de episodios de violencia de xénero mediante o desprazamento de coches radiopatrullas uniformados ou a presenza de policías de paisano no lugar dos feitos, a atención singularizada á vítima, a información detallada sobre procedementos, o traslado ao centro asistencia e se fose preciso, o traslado á Comisaría para a formulación da correspondente denuncia e a conseguinte valoración de risco, a recollida dos datos sobre o agresor e posta en marcha das medidas de seguridade oportunas, así como a adopción das medidas de protección establecidas





nos correspondentes Protocolos e axeitadas ao nivel de risco da vítima.

Para acometer estas funcións, a Unidade de Policía Adscrita destinou equipos dedicados ás vítimas, persoal de apoio e persoal de coordinación. Esta dotación de medios materiais e humanos permitiron que a actuación operativa se desenvolvese dun xeito altamente satisfactorio e permitise cubrir as demandas de protección. A 31 de decembro de 2018 acadouse a cifra de 272 mulleres protexidas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48612**  
Data envío: 03/04/2019 14:47:29.985

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:47:22**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 36876** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Secretaría Xeral de Igualdade respecto do grao de coñecemento existente, por parte das administracións locais, do servizo de traslado das vítimas de violencia de xénero a centros de acollemento, reflectido no convenio de colaboración asinado en 2013 e renovado en 2016 coa Federación Galega de Taxistas”**, (publicada no BOPG número 362 do 26 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta e a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) asinaron un convenio de colaboración co obxectivo de prestar un servizo de apoio ás vítimas de violencia de xénero para o seu traslado a calquera centro que conforma a Rede Galega de Acollemento cando as especiais circunstancias da vítima, valoradas convenientemente polos servizos sociais (municipais ou autonómicos), imposibiliten o seu traslado por outros medios.

A Rede de Acollemento está integrada por seis centros de acollida para mulleres vítimas da violencia de xénero, ubicados en seis localidades diferentes, o que conleva que na maioría dos ingresos neses centros, as mulleres e os seus fillos e fillas deban trasladarse aos mesmos dende os seus lugares de residencia, en ocasións en condicións físicas e /ou psicolóxicas que desaconsellan un traslado autónomo.

A colaboración establecida coa Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) non substitúe en ningún caso os traslados que realizan dende outras administración públicas con competencias na materia, nin os traslados que deban realizarse con acompañamento de forzas e corpos de seguridade.



A Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI ) queda obrigada a gardar o segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal das persoas usuarias das actuacións, tanto dos contidos en ficheiros automatizados se fora o caso, como dos rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado.

O número total de traslados ata o ano 2018 foi de 379”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48606**  
Data envío: 03/04/2019 14:46:35.601

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:46:31**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 37525** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para apoiar e fomentar a actividade ovina e caprina en Galicia”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Medio Rural leva anos desenvolvendo diferentes medidas de apoio ao sector ovino e cabrún, estando en estudo outras medidas de apoio destinadas a reforzar este sector.

Entre estas medidas, cabe sinalar entre outras, a orde para o fomento das razas autóctonas, publicada anualmente (a última delas a ORDE do 23 de novembro de 2018 pola que se establecen as bases que regulan a concesión das axudas para o fomento das razas autóctonas galegas e se convocan para o ano 2019), na que os beneficiarios son as organizacións ou asociacións de criadores das razas autóctonas galegas oficialmente recoñecidas para a xestión dos libros xenealóxicos, entre elas a Asociación de Criadores de Raza Ovella Galega – ASOVEGA e a Asociación de Criadores da Raza Cabra Galega - CAPRIGA.

As actuacións destinadas aos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en xeral, entre os que se atopan a Ovella e Cabra Galega, están recollidas na Submedida 10.2 do Programa de desenvolvemento rural de Galicia para o período 2014-2020, apoio á conservación e o uso e desenvolvemento sostibles dos recursos xenéticos na agricultura. A submedida consiste en fomentar a inclusión dos recursos xenéticos agrícolas e gandeiros autóctonos en sistemas de produción de calidade compatibles co medio ambiente, mellorando a súa conservación, caracterización e avaliación.

Así mesmo, no actual PDR de Galicia 2014-2020 publicáronse tres convocatorias destas axudas (2016, 2017 e 2018), ás que os titulares de explotacións ovina e cabrúas poden acceder a través de tres liñas:



- Medida 4, Investimentos en activos físicos. Submedida 4.1. Apoio aos investimentos nas explotacións agrícolas (plans de mellora nas explotacións agrarias).
- Medida 6, Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais. Submedida 6.1., creación de empresas para os agricultores mozos.
- Medida 6. Desenvolvemento de explotacións agrícolas e empresariais. Submedida 6.3, creación de empresas para o desenvolvemento de pequenas explotacións

No marco dos pagamentos directos á agricultura, ademais das liñas de axuda integradas polo pagamento básico aos agricultores («réxime de pagamento básico»), o pagamento para os agricultores que apliquen prácticas agrícolas beneficiosas para o clima e o ambiente, e o pagamento suplementario para os agricultores mozos que comece a súa actividade agrícola, contéplase un réxime de axuda asociada para as explotacións de ovino, e unha axuda asociada para as explotacións de cabrún.

E no marco das axudas ao desenvolvemento rural suxeitas ao Sistema integrado de xestión e control, contéplanse as de Agroambiente e clima (submedida 10.1), concedidas aos agricultores que se comprometan voluntariamente a realizar operacións consistentes nun ou varios compromisos agroambientais e climáticos na superficie agrícola da súa explotación, e que compensarán os custos adicionais e as perdas de ingresos como consecuencia dos compromisos subscritos. Entre os compromisos agroambientais e climáticos aos cales se poden acoller os agricultores polas unidades de produción atópanse as razas autóctonas en perigo de extinción, como a ovella e a cabra galega, sendo ademais este compromiso compatible coas axudas á agricultura ecolóxica, tamén reguladas nesta orde”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48603**  
Data envío: 03/04/2019 14:46:07.643

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:46:04**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 37533** formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Raúl Fernández Fernández, sobre **“o tipo de medidas que está a adoptar a Consellería do Medio Rural para erradicar a tuberculose bovina no contorno da serra da Capelada”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

“A tuberculose bovina está causada por bacterias do xénero *Mycobacterium* incluídas no complexo *Mycobacterium tuberculosis*, que inclúe varias especies (*M. Tuberculosis*, *M. Bovis*, *M. caprae*), capaces de infectar e causar a enfermidade a todo tipo de mamíferos. Por outra banda, as lesións causadas pola tuberculose poden afectar a calquera órgano ou ganglio do corpo dos mamíferos, non obstante existen algúns órganos e ganglios onde hai máis probabilidade de detección.

Ao respecto do sinalado na exposición de motivos, debe sinalarse que a tuberculose é unha enfermidade endémica na Serra da Capelada. Entre 2003 e 2013, foron detectadas 255 reses infectadas e nun 15% delas conseguíuse o illamento laboratorial do axente patóxeno, pese á enorme dificultade para o mesmo. Non obstante, a presenza da tuberculose na Serra é anterior ao ano 2003. O caso confirmado en 2016, así como os posteriores, son continuación da situación anterior.

As medidas de control e preventivas realizadas ata o momento na unidade epidemiolóxica da Serra da Capelada, desde o inicio do foco de tuberculose, estiveron baseadas na avaliación do risco existente. A finalidade das mesmas é controlar e extinguir o foco, garantir a viabilidade sanitaria das explotacións da Serra da Capelada e protexer ao resto de gandeiros non afectados. Un aspecto clave para o control da tuberculose nas explotacións de monte é analizar globalmente o problema e estudar as relacións de contaxio directas e indirectas existentes entre as explotacións dun mesmo titular e de gandeiros veciños.



A raíz do illamento de tuberculose en 2016, os servizos veterinarios oficiais confirmaron que existía unha recirculación da infección anterior de tuberculose nas reses bovinas da Serra da Capelada, probablemente debida á existencia de animais infectados latentes ("falsos negativos ás probas de IDTB") e tras o oportuno estudo, procedeuse á inmovilización das 124 explotacións que se considerou que formaban parte da unidade epidemiolóxica afectada.

Durante o 2017 e 2018 realizáronse novas probas diagnósticas ás reses da unidade epidemiolóxica, a raíz das que se desinmobilizaron totalmente 90 explotacións, sen restricións de movementos. En función do establecido no programa nacional de erradicación de tuberculose, todas estas explotacións desinmobilizadas deberán realizar probas previas ao movemento a todas as reses que vendan a outras explotacións de reprodución de Galicia. Esta información foi trasladada a cada un dos titulares implicados para o seu coñecemento.

Finalmente, debe indicarse que Galicia é a comunidade autónoma da península con menor prevalenza de TB (porcentaxe de rabaños infectados de TB respecto ao total de revisados), acadando un valor do 0.02 % en 2017, en relación ao 2.32 % da media nacional e ao 12.34 % doutras CCAA do sur do país. A situación epidemiolóxica de Galicia, próxima á erradicación, foi acadada grazas á utilización de medidas firmes e globais nos focos de TB xurdidos. A prevalenza actual beneficia a todos e sitúa aos gandeiros desta rexión nunha posición privilexiada para a comercialización dos seus animais e produtos en España e no estranxeiro. De feito, o día 11.12.2018, o Comité permanente de vexetais, animais, alimentos e pensos da Comisión Europea, aprobou por unanimidade a declaración de Pontevedra como provincia oficialmente indemne de tuberculose bovina, e nas restantes provinciais están computándose xa os prazos para acadar a dita declaración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)



Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48602**  
Data envío: 03/04/2019 14:45:59.581

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:45:56**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 39141** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para reverter a situación que padecen as mulleres no referido á conciliación da vida familiar e laboral”**, (publicada no BOPG número 375 do 24 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita, por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia aprobou o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 como proba do seu firme compromiso coa sociedade galega en prol da igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, conscientes de que, sen dúbida, un dos grandes retos para os próximos anos é acadar a conciliación corresponsable.

Trátase dun Plan que inclúe un cento de medidas concretas, que se articulan ao redor de cinco eixos: a xeración de conciencia e coñecemento, a coeducación para unha sociedade responsable, unha nova cultura dos tempos, o reforzo do compromiso de todos coa conciliación, e o fortalecemento dos recursos de apoio. O ámbito de actuación do Plan non só abarca o conxunto do Goberno galego, senón que se estende máis aló e chega a transcender o ámbito da administración autonómica.

Falar de conciliación corresponsable, obxectivo do Plan, é falar de harmonizar a vida laboral, persoal e familiar a partir dun reparto equitativo dos traballos e das responsabilidades entre mulleres e homes, o que implica superar a visión da conciliación como un ‘asunto de mulleres’ e situalo como cuestión transcendental responsabilidade do conxunto da sociedade.



A conciliación e a corresponsabilidade requiren a realización dunha reflexión sobre o mercado laboral, o modelo educativo, de cidade, de urbanismo ou o dos servizos, así como incorporar a perspectiva de xénero de forma transversal nas políticas que se desenvolvan. De aí que sexa necesario o labor conxunto da sociedade, administracións públicas, axentes sociais, organizacións empresariais e instancias privadas. A través deste esforzo común, deben crearse sinerxías que redunden nunha organización social na que sexa máis fácil para todos e todas harmonizar a vida privada e a laboral e facer un uso racional dos tempos.

Por iso, a Xunta entende que as políticas públicas deben partir destas premisas para tratar de facilitar a mulleres e homes dita conciliación da súa vida persoal, familiar e laboral a través da promoción de máis e mellores medidas e servizos que apoién ás familias na atención a menores, a persoas dependentes e ao fomento de novas formas de organización do traballo, de novas modalidades de xestión dos recursos humanos e de novas condicións laborais nas administracións e nas empresas.

As organizacións empresariais son tamén actores esenciais do cambio cara a unha sociedade corresponsable na que sexa posible que tanto mulleres como homes compatibilicen o emprego coa vida persoal e familiar. Por iso, o Plan galego busca contar coa implicación activa dos axentes máis directamente vinculados ao ámbito do emprego, para o impulso de medidas que melloren a calidade de vida das persoas traballadoras e redunden na satisfacción laboral e na produtividade.

En definitiva, é indubidable que a plena igualdade só será posible se existe unha asunción equitativa do traballo doméstico e de coidados no ámbito do fogar. Por iso, o Plan galego de conciliación e corresponsabilidade 2018-2021 fai unha clara aposta por un modelo de sociedade corresponsable, no marco do necesario cambio cultural en torno aos usos do tempo.

Entre outras actuacións xa iniciadas ao seu abeiro destacan a ampliación dos permisos de maternidade para as empregadas públicas, que pasa de 22 a 24 semanas e que xa se incluíu nos orzamentos de 2019. Con esta medida, Galicia seguirá estando á cabeza de España na duración acumulada deste permiso.

Ademais, a Xunta tamén amplía este ano as axudas para a redución de xornada, destinadas a homes traballadores e familias monoparentais, co obxectivo de fomentar a conciliación e a corresponsabilidade. Neste ano, o seu orzamento aumenta nun 32,7 por cento, ata chegar aos 750.000 euros.





**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48541**  
Data envío: 02/04/2019 16:05:46.617

Outra medida salientable é ampliación do apoio á conciliación nos concellos. Trátase dunha liña de subvención dirixida a entidades locais para organizar actividades de conciliación que beneficien á veciñanza e que este ano dispón dun orzamento un 36,6 por cento maior que no pasado exercicio”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



**Xacobeo 2021**

páxina 3 de 3

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48541**  
Data envío: 02/04/2019 16:05:46.617

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 16:05:43**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/04/2019 12:32:35  
Nº Rexistro: 48525  
Data envío: 02/04/2019 12:32:575  
Data 02/04/2019 12:32

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41147** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e dona Julia Torregrosa Sañudo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para combater a fenda salarial que padecen as mulleres en Galicia, de xeito especial, no que atinxe á concentración de mulleres nos tramos máis baixos da escala salarial”**, (publicada no BOPG número 397 do 13 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego vén impulsando o programa Emprega en Feminino desde hai dous anos para mellorar a incorporación das mulleres no mercado laboral e o seu desenvolvemento tanto a nivel profesional como empresarial, así como a responsabilidade pola igualdade das empresas.

Ao seu abeiro acábase de presentar un estudo sobre a fenda salarial realizado pola Universidade de Vigo co apoio da Xunta de Galicia. O informe, elaborado polo equipo de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, supón unha ferramenta importante para proxectar políticas de cambio que poñan en valor as recomendacións que realiza para que a súa redución estea no centro da negociación colectiva e dos plans de igualdade.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Cómpre lembrar, precisamente, que unha das mesas de traballo do diálogo social está enfocada á avanzar na igualdade efectiva entre homes e mulleres na comunidade galega e que se está a deseñar conxuntamente o itinerario a seguir para superar as diferenzas que aínda existen no eido retributivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 12:32:35**  
**Nº Rexistro: 48525**  
Data envío: 02/04/2019 12:32:35.575

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 12:32:31**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/04/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 48540  
Data envío: 02/04/2019 16:05:38.892  
Data 02/04/2019 16:05

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Pleno **número: 41149** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e dona Julia Torregrosa Sañudo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para combater a fenda salarial que padecen as mulleres en Galicia, en especial, as situacións que derivan en pobreza e risco de exclusión social”**, (publicada no BOPG número 397 do 13 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego vén impulsando o programa Emprega en Feminino desde hai dous anos para mellorar a incorporación das mulleres no mercado laboral e o seu desenvolvemento tanto a nivel profesional como empresarial, así como a responsabilidade pola igualdade das empresas.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41152** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e dona Julia Torregrosa Sañudo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para combater a fenda salarial que padecen as mulleres en Galicia”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego vén impulsando o programa Emprega en Feminino desde hai dous anos para mellorar a incorporación das mulleres no mercado laboral e o seu desenvolvemento tanto a nivel profesional como empresarial, así como a responsabilidade pola igualdade das empresas.

Ao seu abeiro acábbase de presentar un estudo sobre a fenda salarial realizado pola Universidade de Vigo co apoio da Xunta de Galicia. O informe, elaborado polo equipo de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, supón unha ferramenta importante para proxectar políticas de cambio que poñan en valor as recomendacións que realiza para que a súa redución estea no centro da negociación colectiva e dos plans de igualdade.



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2



Cómpre lembrar, precisamente, que unha das mesas de traballo do diálogo social está enfocada á avanzar na igualdade efectiva entre homes e mulleres na comunidade galega e que se está a deseñar conxuntamente o itinerario a seguir para superar as diferenzas que aínda existen no eido retributivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48537**  
Data envío: 02/04/2019 16:05:11.897

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 16:04:55**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>







XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/04/2019 16:30:00  
Nº Rexistro: 48535

Data envío: 02/04/2019 16:04:42.443

Data 02/04/2019 16:04

RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 41154** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don José Manuel Lago Peñas e dona Julia Torregrosa Sañudo, sobre **“as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para combater a fenda salarial que padecen as mulleres en Galicia en todos os tramos de idade”**, (publicada no BOPG número 398 do 14 de decembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego vén impulsando o programa Emprega en Feminino desde hai dous anos para mellorar a incorporación das mulleres no mercado laboral e o seu desenvolvemento tanto a nivel profesional como empresarial, así como a responsabilidade pola igualdade das empresas.

Ao seu abeiro acábbase de presentar un estudo sobre a fenda salarial realizado pola Universidade de Vigo co apoio da Xunta de Galicia. O informe, elaborado polo equipo de Dereito do Traballo e da Seguridade Social, supón unha ferramenta importante para proxectar políticas de cambio que poñan en valor as recomendacións que realiza para que a súa redución estea no centro da negociación colectiva e dos plans de igualdade.

CSV: BOPGDSPGUuTKV5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Xacobeo 2021

páxina 1 de 2

Cómpre lembrar, precisamente, que unha das mesas de traballo do diálogo social está enfocada á avanzar na igualdade efectiva entre homes e mulleres na comunidade galega e que se está a deseñar conxuntamente o itinerario a seguir para superar as diferenzas que aínda existen no eido retributivo”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48535**  
Data envío: 02/04/2019 16:04:42.443

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 16:04:27**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 36877** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona María Luísa Pierres López e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión da Secretaría Xeral de Igualdade respecto do grao de coñecemento existente, por parte das administracións locais, do servizo de traslado das vítimas de violencia de xénero a centros de acollemento, reflectido no convenio de colaboración asinado en 2013 e renovado en 2016 coa Federación Galega de Taxistas, así como os datos referidos ao seu desenvolvemento”**, (publicada no BOPG número 363 do 27 de setembro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta e a Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) asinaron un convenio de colaboración co obxectivo de prestar un servizo de apoio ás vítimas de violencia de xénero para o seu traslado a calquera centro que conforma a Rede Galega de Acollemento cando as especiais circunstancias da vítima, valoradas convenientemente polos servizos sociais (municipais ou autonómicos), imposibiliten o seu traslado por outros medios.

A Rede de Acollemento está integrada por seis centros de acollida para mulleres vítimas da violencia de xénero, ubicados en seis localidades diferentes, o que conleva que na maioría dos ingresos neses centros, as mulleres e os seus fillos e fillas deban trasladarse aos mesmos dende os seus lugares de residencia, en ocasións en condicións físicas e /ou psicolóxicas que desaconsellan un traslado autónomo.

A colaboración establecida coa Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI) non substitúe en ningún caso os traslados que realizan dende outras administración públicas con competencias na materia, nin os traslados que deban realizarse con acompañamento de forzas e corpos de seguridade.



A Federación de Autónomos do Taxi de Galicia (FEGATAXI ) queda obrigada a gardar o segredo profesional respecto aos datos de carácter persoal das persoas usuarias das actuacións, tanto dos contidos en ficheiros automatizados se fora o caso, como dos rexistrados en soportes físicos susceptibles de tratamento automatizado.

O número total de traslados ata o ano 2018 foi de 379”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48605**  
Data envío: 03/04/2019 14:46:25.447

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:46:21**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 37600** formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de don Jacobo Moreira Ferro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o balance da Xunta de Galicia en relación coas convocatorias de subvencións dirixidas ás entidades locais para a formación dos seus empregados públicos, realizadas durante os últimos catro anos”**, (publicada no BOPG número 365 do 3 de outubro de 2018), convertida en pregunta con resposta escrita, por finalización do período de sesións setembro-decembro de 2018, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza**, que ten o seguinte contido:

“No ano 2013 a Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, xunto coa Administración xeral do Estado e as Administracións do resto das comunidades autónomas, subscribiron unha modificación do *IV Acordo de Formación para o Emprego das Administracións Públicas (AFEDAP)*. Esta modificación, consecuencia da doutrina do Tribunal Constitucional a raíz das sentenzas 225/2012, do 19 de novembro e 7/2013, do 17 de xaneiro, recoñeceu a titularidade das competencias executivas das comunidades autónomas no referente á aprobación, seguimento, modificación e resolución de discrepancias na negociación dos plans de formación promovidos polas entidades locais e federacións ou asociacións de entidades locais de ámbito autonómico.

O exercicio desta competencia, que en Galicia corresponde á Escola Galega de Administración Pública (EGAP), articúlase desde o ano 2014 perante unha convocatoria anual que establece as bases en virtude das cales se subvencionan este tipo de plans de formación e que tales instrumentos deben ser previamente aprobados pola *Comisión Paritaria de Formación Local da Comunidade Autónoma de Galicia*.

Dende entón a EGAP convoca de xeito anual as subvencións para financiar os devanditos instrumentos formativos. Con cada convocatoria vanse introducindo melloras que, pola experiencia do ano anterior, se revelan como necesarias para trasladar aos promotores da



formación no eido local os obxectivos destes plans e para determinar uns criterios mínimos de calidade no deseño dos mesmos.

Con estes fins, nos últimos catro anos fóronse introducindo nas sucesivas convocatorias, entre outras, as seguintes medidas:

- Creación dunha estrutura común para a memoria das accións formativas que permita poder valorar de xeito máis preciso todas as propostas presentadas.
- Valoración da inclusión de actividades de formación en novidades lexislativas atinentes ó eido administrativo en aspectos tales como transparencia, lexislación básica en materia de procedemento administrativo, contratación, etc.
- Outorgamento de maior puntuación aos proxectos de xestión compartida entre varios entes locais coa finalidade de incentivar os procesos de fusión municipal.
- Fomento da convocatoria de cursos en materia de igualdade e loita contra a violencia de xénero.
- Simplificación do procedemento de pago anticipado da subvención concedida.
- Creación dunha dobre liña de axudas: *en concorrencia competitiva*, para ao financiamento de plans unitarios e agrupados das entidades locais; e *en concorrencia non competitiva*, para o financiamento dos plans interadministrativos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia





Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48542**  
Data envío: 02/04/2019 16:05:54.717

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 16:05:51**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 42875** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración por parte da Xunta de Galicia do impacto na calidade da asistencia sanitaria, con especial atención ás gardas das especialidades e ao servizo de hospitalización a domicilio no Hospital Comarcal de Valdeorras, tras a eliminación da área sanitaria de Valdeorras”**, (publicada no BOPG número 415 do 21 de xaneiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

*“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á pregunta oral número 42872 que tivo lugar no Pleno do 27 de marzo de 2019.*

*Pode consultarse no seguinte enlace:*

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-27?part=8b068974-d089-4ee2-87d3-7f4440d8bd8b&start=5534>”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48601**  
Data envío: 03/04/2019 14:45:35.105

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:45:31**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 45408** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración que fai a Xunta de Galicia da calidade da atención primaria no concello de Lalín, as súas razóns para desbotar a construción do centro de alta resolución comprometido e as actuacións previstas para solucionar as carencias e deficiencias estruturais que presenta o actual centro de saúde”**, (publicada no BOPG número 431 do 14 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Centro Integral de Saúde de Lalín está deseñado para satisfacer as necesidades actuais e futuras da poboación de referencia. O CAR foi proxectado hai moitos anos e as necesidades non son as mesmas.

A Dirección de Asistencia Sanitaria ten aprobado o novo Plan Funcional e de Espazos para o Centro Integral de Saúde de Lalín. Porén non se podía continuar coa seguinte fase que é a de realizar a contratación do Proxecto de Execución mentres non se dispoñesen dos terreos necesarios para a construción. O 21 de decembro de 2018 asinouse co Concello de Lalín un convenio de cooperación para a execución das obras, non que figura a documentación necesaria para a cesión da parcela.

A Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 xestiona a asistencia extrahospitalaria urxente na Comunidade Autónoma de Galicia. A súa estrutura inclúe unha Central de Coordinación e unha Rede de Transporte Sanitario Urxente. A central, única para toda Galicia, é unha central de regulación médica, o que quere dicir que todas as demandas sanitarias da poboación son atendidas por persoal sanitario e isto supón que todos os servizos aos que se envían recursos teñen, dende o momento que son atendidas, un médico responsable



encargado da asignación do recurso necesario, de dar os consellos pertinentes mentres chega a asistencia, do seguimento continuo da situación clínica e da toma de decisións necesaria para facer fronte aos posibles cambios na mesma.

É importante suliñar que a Fundación Pública Urgencias Sanitarias de Galicia-061 realiza una avaliación continua das necesidades da poboación galega para a detección de cambios que afecten a asistencia sanitaria extrahospitalaria de urxencia co único obxectivo de adaptar a rede de transporte sanitario urxente ás necesidades reais da poboación.

Os cambios que determinan unha ampliación son primordialmente: demográficos, epidemiolóxicos, flutuacións nos tipos de demanda sanitaria así como o incremento dos tempos medios de resposta en emerxencia”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48600**  
Data envío: 03/04/2019 14:45:27.384

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:45:22**

CSV: BOPGDSPGUuTKv5kP6  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 45519** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don Julio Torrado Quintela e dona Noela Blanco Rodríguez, sobre **“as razóns da situación na que se atopa a fisioterapia no sistema público de saúde e as actuacións previstas pola Consellería de Sanidade para a súa mellora na atención primaria”**, (publicada no BOPG número 431 do 14 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Comunidade Autónoma de Galicia está na media de profesionais de fisioterapia con respecto ás outras CCAA, por diante de comunidades como Andalucía, Cataluña, Aragón Canarias, Extremadura e A Rioxa.

Temos actualmente unha ratio de 0,12 por 1.000 ou 1 fisioterapeuta por cada 8.300 habitantes.

A Consellería de Sanidade elaborará ao longo deste ano e implementará unha Guía de Fisioterapia en atención primaria. Xa deu comezo o proceso para a súa elaboración co obxecto de poder consensuar unha guía para todo o Servizo Galego de Saúde.

Cando estea finalizada farase a súa distribución entre todos os profesionais das áreas sanitarias do Servizo Galego de Saúde”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48599**  
Data envío: 03/04/2019 14:45:17.597

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:45:12**







RS/ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 45811**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Otero Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as medidas que está a adoptar o Goberno galego para combater a fenda salarial que sofren as mulleres en Galicia”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da interpelación 25183 que tivo lugar na sesión plenaria do 27 de febreiro de 2019.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:

[http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-27?  
part=2de99891-7758-4ac3-a297-59ecb9ff8f15&start=12403](http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-02-27?part=2de99891-7758-4ac3-a297-59ecb9ff8f15&start=12403)

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 12:31:50**  
**Nº Rexistro: 48520**  
Data envío: 02/04/2019 12:31:50.214

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 12:31:46**





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 46365** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto das condicións de seguridade vial existentes na estrada PO-192, na parroquia de Bamio”**, (publicada no BOPG número 435 do 21 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre salientar que o tramo da PO-192 comprendido entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+440 (o parque empresarial de Bamio e o límite da parroquia) está transferido ao Concello de Catoira desde o 14 de maio de 2008.

Polo que respecta ao tramo comprendido entre os puntos quilométricos 0+440 a 3+880, en outubro do 2018 executouse a obra de mellora da capa de rodadura da PO-192 (Bamio – PO-548) para lograr unha conservación preventiva do pavimento existente: detectouse un empeoramento do estado do pavimento consistente nunha fisuración lonxitudinal do firme en varios tramos, por iso se procedeu ao seu selado mediante a execución dunha capa de microaglomerado en frío, o que redundará nun incremento da vida útil do dito pavimento. Así mesmo, a actuación levada a cabo ten por obxecto reforzar a seguridade viaria: coa execución da capa de microaglomerado mellóranse de forma substancial as condicións de resistencia ao deslizamento do pavimento, que constitúe un parámetro moi importante en estradas con trazado sinuoso e climatoloxía adversa en gran parte do ano, que son as condicións que ten esta estrada.



Débese indicar, por último, que debido a condicións climatolóxicas non propicias (baixada de temperaturas) producíronse pequenos danos na capa de microaglomerado. Estes defectos corrixíranse cando as condicións climatolóxicas (temperaturas altas) aseguren unha correcta execución das reparacións”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(*ASINADO DIXITALMENTE*)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 12:33:40**  
**Nº Rexistro: 48527**  
Data envío: 02/04/2019 12:33:40.337

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 12:33:21**





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 46373** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para garantir a seguridade viaria dos peóns na estrada PO-192 na parroquia de Bamio, así como nas súas conexión coa estrada PO-548 e coa Variante Norte que une Bamio-Carril con Baión”**, (publicada no BOPG número 438 do 28 de febreiro de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre salientar que o tramo da PO-192 comprendido entre os puntos quilométricos 0+000 e 0+440 (o parque empresarial de Bamio e o límite da parroquia) está transferido ao Concello de Catoira desde o 14 de maio de 2008.

Polo que respecta ao tramo comprendido entre os puntos quilométricos 0+440 a 3+880, en outubro do 2018 executouse a obra de mellora da capa de rodadura da PO-192 (Bamio – PO-548) para lograr unha conservación preventiva do pavimento existente: detectouse un empeoramento do estado do pavimento consistente nunha fisuración lonxitudinal do firme en varios tramos, por iso, se procedeu ao seu selado mediante a execución dunha capa de microaglomerado en frío, o que redundará nun incremento da vida útil do dito pavimento. Así mesmo, a actuación levada a cabo ten por obxecto reforzar a seguridade viaria: coa execución da capa de microaglomerado mellóranse de forma substancial as condicións de resistencia ao deslizamento do pavimento, que constitúe un parámetro moi importante en estradas con trazado sinuoso e climatoloxía adversa en gran parte do ano, que son as condicións que ten esta estrada.

Débese indicar, ademais, que debido a condicións climatolóxicas non propicias (baixada de temperaturas) producíronse pequenos danos na capa de microaglomerado. Estes defectos corrixióranse cando as condicións climatolóxicas (temperaturas altas) aseguren unha correcta execución das reparacións.



Por último, cómpre sinalar que a Xunta, como administración competente no relativo ao transporte interurbano, garante unha oferta de transporte acorde coa demanda existente, que permita aos residentes na parroquia referida unha mobilidade sustentable e unha comunicación directa co centro de Vilagarcía de Arousa. O reforzo dos servizos a esta parroquia podería encadrarse na colaboración do propio Concello, tal e como lle vén de trasladar a Xunta, xa que o Plan de Transporte Público de Galicia está aberto á participación municipal a través de liñas de autobús local, ou incluso co establecemento de bonos para colectivos específicos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 12:31:22**  
**Nº Rexistro: 48519**  
Data envío: 02/04/2019 12:31:22.561

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 12:31:18**







RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 46696** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para non atender as demandas da comunidade educativa do CEIP Pai Feixóo de Allariz referidas á creación dunha nova aula de infantil, así como para incumprir a ratio establecida de alumnado por aula no curso 2018-2019”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional**, que ten o seguinte contido:

“Correspóndelle á Consellería a planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades. Así, a Administración educativa galega organiza a actividade dos centros educativos tendo en conta criterios pedagóxicos, demográficos, xeográficos e de xestión responsable de recursos.

A rede de centros públicos, coas respectivas unidades educativas e postos de traballo docentes está suxeita a unha continua adaptación debido á evolución das esixencias de escolarización e ao compromiso de atender á diversidade e ás necesidades educativas específicas.

De xeito que, á vista dos datos dispoñibles de matrícula e das circunstancias específicas dos centros, a Consellería planifica a rede de centros públicos, as unidades educativas e o profesorado para o respectivo curso escolar, perseguindo especialmente, a adaptación da oferta educativa para compatibilizar o uso eficiente dos recursos coa calidade do ensino.

Para determinar os postos de traballo de profesorado de educación infantil, primaria e de especialistas que corresponden ao centro de traballo en atención ás unidades, séguense as normas xerais sobre catálogos de postos de traballo dos centros públicos, fixadas no acordo asinado pola Administración educativa e as organizacións sindicais o 8 de xuño de 2007.

O resultado desta planificación para o curso 2018/19 reflícteo a Orde do 16 de xullo de 2018 (DOG núm. 144, do 30 de xullo). No caso do CEIP Padre Feijóo de Allariz, a composición actual de unidades neste centro está fixada na Orde do 29 de xuño de 2016 (DOG núm. 134, do 15 de xullo) para o curso 2016/17, manténdose nos cursos 2017/18 e 2018/19; ao igual que o



número de postos de traballo.

Indicar que a Orde desta Consellería do 12 de marzo de 2013 (artigo 44) en relación co Decreto 254/2012, do 13 de decembro, que regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos, establece a posibilidade de que a xefatura territorial incremente a ratio ata un 10 por cento nalgúns supostos de necesidade.

No que se refire á estrutura do CEIP Padre Feijoo para o presente curso 2018/2019, cómpre sinalar que mediante resolución da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos do 1 de agosto de 2018 se habilita unha unidade de educación especial para garantir a correcta atención ao alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo, unidade que xa estivo funcionando no pasado curso 2017/2018.

En relación coas unidades de 4º de Infantil no devandito centro, segundo os datos dos que dispón a Inspección Educativa, no que vai de curso a ratio real mantense en torno á máxima establecida con carácter xeral pola Administración educativa para estas ensinanzas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 12:31:13**  
**Nº Rexistro: 48518**  
Data envío: 02/04/2019 12:31:13.742

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 12:31:10**





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 46712** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Eva Solla Fernández, sobre **“o incremento orzamentario previsto pola Xunta de Galicia para a execución a curto, medio e longo prazo das medidas reflectidas no borrador do Plan de saúde na Atención Primaria, as actuacións previstas para solucionar o problema da Pediatría, así como a dotación de máis medios ao colectivo de enfermería”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“Remitímonos á resposta facilitada polo Conselleiro de Sanidade á interpelación número 46711 que tivo lugar no Pleno do 26 de marzo de 2019.

Pode consultarse no seguinte enlace:

<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-27?part=07177995-085c-48b4-8a66-1bd40b047f2e&start=13656> “

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/04/2019 16:30:00**  
**Nº Rexistro: 48598**  
Data envío: 03/04/2019 14:45:08.423

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 03/04/2019 14:44:47**





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 46872** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“as actuacións levadas a cabo e previstas pola Xunta de Galicia para o mantemento da actividade da empresa Poligal no concello de Narón”**, (publicada no BOPG número 442 do 7 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta está ao lado dos traballadores e traballadoras desta empresa, mantendo un diálogo permanente e poñéndose a súa disposición como autoridade laboral, para velar polo cumprimento dos seus dereitos conforme á legalidade vixente. Tamén como administración comprometida coa actividade económica e o emprego en Galicia. Deste xeito, vén de crear un grupo de traballo co comité de empresa e os sindicatos para avaliar a situación actual, tanto desde o punto de vista laboral como empresarial”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 12:31:04**  
**Nº Rexistro: 48517**  
Data envío: 02/04/2019 12:31:04.805

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 12:31:01**





RS/mc

En relación coa pregunta con resposta Escrita **número: 47219** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para subvencionar a elaboración de material didáctico pola Cámara Oficial de Minaría de Galicia, así como as súas previsións respecto da súa difusión ou distribución nos centros de ensino”**, (publicada no BOPG número 444 do 13 de marzo de 2019), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Economía, Emprego e Industria**, que ten o seguinte contido:

“Esta pregunta foi atendida na intervención do conselleiro de Economía, Emprego e Industria, con motivo do debate da pregunta 46095 que tivo lugar na sesión plenaria do 13 de marzo de 2019.

Na súa intervención deu conta do material editado pola Cámara Oficial Mineira de Galicia como corporación de Dereito Público que ten entre as súas funcións fomentar o ensino desta actividade económica regulada pola Lei 3/2008, correspondendo aos centros e ao persoal docente – ao abeiro da autonomía educativa - decidir sobre o interese do seu uso e, no seu caso, o modo de facelo.

Por outra banda, sinalar que esta actuación resultou beneficiaria da convocatoria de subvencións a entidades sen ánimo de lucro, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento do sector mineiro galego, publicada no DOG núm. 64 de 3 de abril de 2018.

O arquivo audiovisual pode consultarse no seguinte enderezo de Internet:





<http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/library/items/pleno-parlamento-2019-03-13?part=6dd195c3-67fc-468e-b916-aa85e82f7dc6&start=5937a>".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias  
(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia



Asinado dixitalmente por:



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/04/2019 12:30:56**  
**Nº Rexistro: 48516**  
Data envío: 02/04/2019 12:30:56.256

**DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 02/04/2019 12:30:52**



# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

## **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

